


I CONCURSO DE
CURTAMETRAXES DOCUMENTAIS
CARLOS ASOREY MÁRTINEZ




XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra



Fundación PACO LAREO
A Solaina de Piloño



I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DOCUMENTAIS CARLOS ASOREY



A Fundación Paco Lareo - A Solaina de Piloño, epicentro dinamizador da cultura rural durante décadas exercendo como faro para moitos creadores e artistas expandido as fronteiras da aldea a todo o mundo convoca a primeira edición do **concurso de curtametraxes documentais CARLOS ASOREY MÁRTINEZ**.

O concurso ten como obxectivo a posta en valor do cineasta e cámara cruceño Carlos Asorey Martínez, oriundo da parroquia de Loño e promover a cultura cinematográfica a través da creación de curtametraxes, descubriendo propostas innovadoras neste eido en lembranza do noso veciño xa finado.

O concurso está aberto a curtametraxes de ficción, documentais, animación e experimentais presentados polo alumnado de Ciclos de Formación Profesional ou Grados e só se poderá presentar unha obra por autor/a ou equipo.

Poderán ser presentadas obras realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023, deberán ser en galego e cunha duración máxima de 20 minutos.

- TEMÁTICA:

Libre.

- PREMIO

Único premio por valor de 3.000€ sendo exivida nun festival de curtametraxes de recoñecido renome en Galicia.

- PREMIO ESPECIAL DO PÚBLICO

Por valor de 1.000€ e será otorgado mediante o voto do público.

- XURADO

A composición do xurado será semiprofesional sendo designado pola propia Fundación.

- PERÍODO E LUGAR DE PRESENTACIÓN

O prazo para a presentación de traballos será dende o 30 xaneiro ata o 23 de abril de 2025 (incluído), debendo ser presentados segundo as bases do concurso.

A participación no concurso implica a plena aceptación do establecido nas bases.

BASES :

I CONCURSO DE CURTAMETRAXES DOCUMENTAIS CARLOS ASOREY MÁRTINEZ

I. FINALIDADE

O concurso ten como obxectivo promover a cultura cinematográfica a través das curtametraxes, descubriendo propostas innovadoras neste eido, seguindo a estela que nos deixou o cineasta cruceño Carlos Asorey Martínez.

II. ORGANIZACIÓN

O concurso está organizado pola **Fundación Paco Lareo - A Solaina de Piloño**.

O I certame de curtametraxes documentais celebrarase entre os meses de xullo e agosto.

III. CONDICIÓN XERAIS

O concurso está aberto a curtametraxes de ficción, documentais, animación e experimentais presentados polo alumnado de Ciclos de Formación Profesional ou Grados e só se poderá presentar unha obra por autor/a ou equipo.

Poderán ser presentadas obras realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2023, deberán ser en galego e cunha duración máxima de 20 minutos.

IV. INSCRIPCIÓNS

Todas as curtametraxes inscritas deberán cumprir as seguintes regras:

A data **límite de presentación é o 23 de abril de 2025** (Incluído).

A inscrición realizarase por correo electrónico a **carlosasorey_asolaina@gmail.com**

V. CURTAMETRAXES SELECCIONADAS ENVÍO E COPIAS DE PROXECCIÓN

- Todas as curtametraxes seleccionadas deberán enviarse coa copia de proxección dentro do prazo sinalado despois da notificación da selección. O non envío do material requirido despois da comunicación no prazo estipulado poderá ser motivo de descalificación.
- Os seleccionados deberán enviar un arquivo a carlosasorey.asolaina@gmail.com (se non o cargaron previamente no momento da presentación).

O ficheiro debe conter:

- Tres fotogramas ou fotografías representativas da curtametraxe e unha fotografía do director/a ou equipo. O formato preferido será un ficheiro dixital, 300 dpi, JPEG ou TIFF cun tamaño aproximado de 10x15 cm.
- Biofilmografía do director/a ou equipo nun máximo de 600 caracteres.

- Os participantes autorizan á organización do concurso a utilizar fragmentos das obras seleccionadas para a súa difusión en calquera medio de comunicación co fin de promociona-lo. Ademais, poderase utilizar fotografías das curtametraxes e dos directores/as en prensa e outros medios, así como para a elaboración do catálogo do certamen. O envío do arquivo implica a aceptación de todas estas condicións.
- Os cortometraxes seleccionados deberán presentarse en formato dixital DCP, Prores Quicktime ou calquera outro programa similar.

O organización resérvase o dereito de solicitar copias adicionais noutros formatos para satisfacer as súas necesidades técnicas.

- A organización non aboará ningunha cantidade aos autores/as ou responsables das obras seleccionadas para a súa exposición nas datas de reprodución das mesmas.
- As curtametraxes seleccionadas pasarán a formar parte do arquivo da Fundación Paco Lareo. Pódense consultar de forma privada con fins educativos ou de investigación.
- Poderá ser rexeitada toda obra que non ofrezca as garantías técnicas necesarias para unha adecuada proxección pública.
- A participación no concurso implica o consentimento á difusión de pezas das obras expostas nas redes sociais e web do concurso.

VI. XURADO

A composición do xurado será semiprofesional sendo designado pola propia Fundación.

Os xurados de cada certame decidirán a concesión do premio entre todas as curtametraxes seleccionadas.

A súa resolución será inapelable. Os membros do xurado comprometeranse a manter en segredo as súas decisións ata que remate a entrega oficial de premios e a clausura do certamen.

VII. PREMIO

Único premio por valor de 3.000€ sendo exivida nun festival de curtametraxes de recoñecido renome en Galicia.

- PREMIO ESPECIAL DO PÚBLICO

Por valor de 1.000€ e será otorgado mediante o voto do público.

VIII. CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS

- Despois do certame, as curtametraxes premiadas poderán ser emitidas sen ánimo de lucro, previa notificación ao autor/a para o seu consentimento.
- Os participantes serán responsables da non vulneración dos dereitos de terceiros relacionados coa produción da obra inscrita.
- A Fundación Paco Lareo - A Solaina de Piloño resolverá, no seu xuízo final, calquera eventualidade non especificada nestas bases.

Vila de Cruces, 28 de xaneiro de 2025